

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE RIANXO

Na sala de reunións do Concello de Rianxo, ás 09.30 h do día 28/02/2017, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de 1 TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE RIANXO segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 626/2016 do día 09/12/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 95/2017, do 10 de febreiro de 2017 e modificado pola Resolución 136/2017 do 24/02/2017, coa seguinte composición:

Presidenta: Patricia Fernández Pérez

Vogal: Socorro García Conde

Vogal: Isabel Vaquero Quintela

Vogal: Carlos Ces Ozores

Secretaria-Vogal: Patricia Sánchez Castelo

A presidenta constitúe o tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 10 de decembro de 2016 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de elaboración da dita bolsa de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 16/12/2016.

Terceiro: o tribunal dá conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición:

1. A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

2. A proba consistirá na realización dun exame de 20 preguntas tipo test a realizar nun tempo máximo que estableza o tribunal, de coñecementos sobre o posto de traballo a cubrir e sobre as accións, actuacións e actividades deste. Ao non establecer nada nas bases ao respecto e, na orde de garantir a boa marcha do proceso, adóptanse por unanimidade os seguintes criterios:

- 1) A proba consiste na realización de 20 preguntas de tipo test.
- 2) O tempo máximo para a realización da proba é de 45 minutos.
- 3) Cada pregunta ten 4 respostas, das cales só unha é válida e as outras 3 non.
- 3) Cada resposta correcta suma 0,50 puntos.
- 4) Cada resposta errónea resta 0,20 puntos.
- 5) As respostas marcaranse cun símbolo X no cadro impreso no papel autocopiante.
- 6) As respostas débense marcar con bolígrafo.
- 7) A persoa aspirante pode levar o papel calcado coas respostas contestadas e mais o exame.
- 8) Para superar a proba será necesario obter como mínimo a metade (5 puntos) da puntuación máxima posible da proba (10 puntos).
- 9) As preguntas R1 a R5 son de reserva.

Todos este criterios entregaranse por escrito ás persoas aspirantes ao comezo do exercicio a xeito de instrucións de desenvolvemento das probas. Recordarase ademais, que a fase de oposición terá

carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Logo disto publicarase no taboleiro de anuncios, no sitio web e na Sede electrónica municipal a listaxe das persoas aspirantes que superen a oposición e, xunto con esta listaxe, colgarase o exame coas respostas.

O Tribunal reunirase de novo ás 08:00 horas do venres día 03/02/2017 no Auditorio de Rianxo, para elaborar o exame e facer a valoración global do proceso.

Distribúese entre todos os membros do tribunal a elaboración dunha batería ampla de preguntas entre as que, de xeito aleatorio, se escollerán as que formes parte do exame o mesmo día da súa realización.

Sen máis asuntos que tratar, ás 11.30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende esta acta, que será subscriba polos membros do tribunal.

Esta acta será exposta no taboleiro de anuncios do concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo.

A presidenta: Patricia Fernández Pérez

Vogais: Socorro García Conde

Isabel Vaquero Quintela

Carlos Ces Ozores